

1º EXERCICIO (TIPO TEST) DO PROCESO SELECTIVO SUBALTERNO/A OEP 2016

1. O Estatuto de Autonomía de Galicia foi aprobado mediante:

- a) Lei 1/1981, de 6 de abril.
- b) Real Decreto Lei 7/1978, de 16 de marzo.
- c) Lei 1/1982, de 6 de abril.
- d) Ningunha das anteriores é correcta.**

2. Segundo o artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réximen Local, o tratamento de residuos é un servizo que debe prestarse:

- a) En todos os municipios.
- b) Nos municipios con poboación superior a 5.000 habitantes.**
- c) Nos municipios con poboación superior a 20.000 habitantes.
- d) Nos municipios con poboación superior a 50.000 habitantes.

3. Segundo ou artigo 10 do Real Decreto Legislativo 5/2015 de 30 de outubro polo que aprobouse o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), o cesamento dos funcionarios interinos producirase, entre outras causas:

- a) Pola finalización a causa que deu lugar ao seu nomeamento**
- b) Pola dimisión do funcionario.
- c) Pola apertura dun expediente disciplinario.
- d) Todas son correctas.

4. Segundo o artigo 97.1 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, as infraccións graves prescribirán:

- a) Aos 3 anos
- b) Aos 2 anos**
- c) Ao ano
- d) Aos 6 meses

5. As dimensións en milímetros, dun papel tamaño A1 son:

- a) 594 x 841**
- b) 210 x 297
- c) 297 x 240
- d) 420 x 594

6. Para determinar o franqueo exacto dun envío postal, haberá que ter en conta:

- a) O contido.
- b) O peso e o contido.
- c) O peso, o contido e o tamaño.
- d) O peso, o tamaño e o destino.**



7. O termo municipal de Vigo, ten unha extensión de:

- a) 59.1 km cadrados.
- b) 89.1 km cadrados.
- c) 109.1 km cadrados.**
- d) 179.1 km cadrados

8. Na cidade de Vigo, ¿Onde se sitúa o monumento aos Héroes de la Reconquista?

- a) Na Praza Eugenio Fabrique.
- b) Na Praza da Independencia.**
- c) Na Avenida Europa.
- c) Ningunha é correcta.

9. Segundo o artigo 172 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia, é unha modalidade de excedencia voluntaria do persoal funcionario de carreira: (art.172 LEPG)

- a) Excedencia por prestación de servizos no sector público.
- b) Excedencia por agrupación familiar.
- c) Excedencia por razón de violencia de xénero.
- d) Todas son correctas.**

10. Segundo o artigo 73 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Publico de Galicia, os empregados públicos, deben actuar, con carácter xeral, conforme a todos estes principios:

- a) Legalidade, capacidade, integridade, neutralidade, responsabilidade, imparcialidade, confidencialidade, dedicación ao servizo público, transparencia, exemplaridade, austeridade, accesibilidade, eficacia e honradez.
- b) Legalidade, obxectividade, integridade, disciplina, responsabilidade, imparcialidade, confidencialidade, transparencia, exemplaridade, austeridade, accesibilidade, eficacia, honradez, promoción do entorno cultural e ambiental e respecto á igualdade entre mulleres e homes.
- c) Legalidade, objetividade, integridade, neutralidade, responsabilidade, imparcialidade, confidencialidade, dedicación ao servizo público, transparencia, exemplaridade, austeridade, accesibilidade, eficacia, honradez, promoción do entorno cultural e ambiental e respecto á igualdade entre mulleres e homes.**
- d) Ninguna é correcta.

11. Segundo o artigo 9.1 da Constitución Española de 1978, os poderes públicos e os cidadáns están suxeitos a:

- a) A Constitución e á lei.
- b) A Constitución, á lei e ao resto do ordenamento xurídico.
- c) A Constitución e ao resto do ordenamento xurídico.**
- d) A lei e ao ordenamento xurídico.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 06/09/2021 08:33

Páxina 2 de 7

Expediente 37990/220

CSV: 2C8DAF-ACA6E9-24EF5B-YSX946-2Y7VQA-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

12. A Constitución Española de 1978 garante a interdicción da arbitrariedade dos poderes públicos en:

- a) O Capítulo I do Título I.
- b) O artigo 10 correspondente ao Título I.
- c) O Preámbulo.
- d) O Título Preliminar.**

13. Sinala a resposta correcta. Segundo o artigo 11 da Lei 7/1985 do 2 de abril, reguladora de bases do réxime local, o municipio:

- a) É a entidade territorial básica da organización local do Estado. Ten personalidade xurídica propia e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins.
- b) É a entidade local básica da organización territorial da Comunidade Autónoma. Ten personalidade xurídica e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins.
- c) É a entidade local básica da organización territorial do Estado. Ten personalidade xurídica e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins.**
- d) Ningunha é correcta.

14. Selecciona a correcta: De acordo co artigo 14 da Lei 39/2015 do 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas, as persoas físicas poderán elixir en todo momento se se comunican coas Administracións Públicas para o exercicio dos seus dereitos e obrigacións a través de medios electrónicos ou non:

- a) Salvo que estean obrigadas a relacionarse a través de medios electrónicos coas Administracións Públicas.**
- b) Salvo que estean obrigadas a relacionarse a través de medios non electrónicos coas Administracións Públicas.
- c) Non podendo estar obrigadas a relacionarse a través duns medios ou outros coas Administracións Públicas.
- d) Ningunha é correcta.

15. Segundo dispón o artigo 18.1 da Lei 7/1985 do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, son dereitos e deberes dos veciños:

- a) Participar na xestión municipal de acordo co disposto nas leis e, no seu caso, cando a colaboración con carácter obrigatorio dos veciños sexa interesada polos órganos de goberno e administración municipal.
- b) Esixir a prestación e, no seu caso, o establecemento do correspondente servizo privado, no suposto de constituír unha competencia municipal propia de carácter obrigatorio.
- c) Ser informado, previa petición razoada, e dirixir solicitudes á Administración municipal en relación a todos os expedientes e documentación municipal, de acordo co previsto en o artigo 105 da Constitución.**
- d) Ningunha é correcta.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 06/09/2021 08:33

Páxina 3 de 7

Expediente 37990/220

CSV: 2C8DAF-ACA6E9-24EF5B-YSX946-2Y7VQA-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

16. Os Alcaldes de municipios de gran poboación, como o de Vigo, e segundo o disposto no artigo 124 da Lei 7/1985 do 2 de abril reguladora de bases do Réxime Local, terán tratamento de:

- a) Señoría.
- b) Excelencia.**
- c) Ilustrísima.
- d) Moi honorable Señor.

17. Segundo o artigo 4 da Lei 31/1995 do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, enténdese como risco laboral:

- a) Calquera máquina, aparello, instrumento ou instalación utilizada no traballo e que provoque perigo para a vida do traballador.
- b) Posibilidade de que un traballador sufra un determinado dano derivado do traballo.**
- c) Calquera equipo destinado a ser levado ou suxeitado polo traballador para que lle protexa dun ou varios riscos que poidan ameazar a súa seguridade ou a súa saúde no traballo, así como calquera complemento ou accesorio destinado a tal fin.
- d) As enfermidades, patoloxías ou lesións sufridas con motivo ou ocasión do traballo.

18. No termo municipal de Vigo, o nome que recibe cada unha das illas que forman o conxunto das Illas Cíes é:

- a) Illa de Monte Agudo, Illa de O Faro, Illa de San Mateo.
- b) Illa de Monte Agudo, Illa de O Faro, Illa de San Martiño.**
- c) Illa de Monte Alto, Illa de O Faro, Illa de San Martiño.
- d) Illa de Monte Alto, Illa de O Faro, Illa de San Mateo.

19. O artigo 13 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local establece que:

- a) A creación ou supresión de municipios, así como a alteración de termos municipais, regularanse pola lexislación do Estado sobre o Réxime Local sen que a alteración de termos municipais poida supoñer, en ningún caso, modificación dos límites provinciais.
- b) A creación ou supresión de municipios, así como a alteración de termos municipais, regularanse pola lexislación das CCAA sobre o Réxime Local podendo, a alteración de termos municipais supoñer modificación dos límites provinciais.
- c) A creación ou supresión de municipios, así como a alteración de termos municipais, regularanse pola lexislación das CCAA sobre o Réxime Local sen que a alteración de termos municipais poida supoñer, en ningún caso, modificación dos límites provinciais.**
- d) A creación e división de municipios, así como a alteración de termos municipais, regularanse pola lexislación das CCAA sobre o Réxime Local sen que a alteración de termos municipais poida supoñer, en ningún caso, modificación dos límites provinciais.

20. Segundo o disposto no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo común das Administracións Públicas, cada Administración dispoñerá de:

- a) Un Rexistro Electrónico Xeneral, no que se fará o correspondente asinto de todo documento que sexa presentado ou que se reciba en calquera órgano administrativo, Organismo público ou Entidade vinculado ou dependente a estes.**
- b) Unha Sede electrónica e poderanse anotar na mesma, a saída dos documentos oficiais



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 06/09/2021 08:33

Páxina 4 de 7

Expediente 37990/220

CSV: 2C8DAF-ACA6E9-24EF5B-YSX946-2Y7VQA-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

dirixidos a outros órganos ou particulares

- c) a e b son correctas.
- d) Ningunha é correcta.

21. As fotocopiadoras utilizan un proceso técnico de copiado denominado.

- a) Halografía
- b) Litografía
- c) Hectografía
- d) Xerografía**

22. Nunha fotocopiadora a transmisión da imaxe orixinal ao tambor para a súa reprodución realízase:

- a) Polo fusor.
- b) A coroa da carga de papel.
- c) A lámpada de exposición.**
- d) A bandexa de recepción.

23. O servizo de reembolso ten cobertura:

- a) Nacional.
- b) Internacional.
- c) España e Andorra.
- d) Nacional e Internacional.**

24. Onde reside a soberanía nacional a teor do disposto no art. 1.2 da Constitución Española de 1978?

- a) No pobo español.**
- b) Nas distintas partes que forman o Estado español.
- c) No xefe de Estado e no pobo español.
- d) Nas Cortes Xerais.

25. De acordo co artigo 2 da Constitución Española de 1978, considera a nación española como:

- a) Patria comunitaria.
- b) Nación comunitaria.**
- c) Estado monárquico.
- d) Patria común e indivisible de todos os españois.

26. Segundo a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, o procedemento administrativo divídese nas seguintes fases:

- a) Iniciación, notificación, instrución e execución.
- b) Iniciación, instrución, terminación e execución.
- c) Iniciación, ordenación, instrución e finalización.**
- d) Iniciación, notificación, ordenación e terminación.



27. De acordo co artigo 24 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, nos procedementos de impugnación de actos e disposicións, o sentido do silencio:

- a) Será estimatorio
- b) Será desestimatorio.**
- c) Producirá a caducidade do procedemento.
- d) Ningunha é correcta.

28. Segundo o disposto no artigo 16.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os asentos anotaranse respectando a orde temporal de:

- a) Recepción dos documentos, e indicarán a data do día seguinte ao día en que se produzan.
- b) Recepción ou saída dos documentos, e indicarán a data do día en que se produzan.**
- c) Recepción ou saída dos documentos, e indicarán a data do día seguinte ao día en que se produzan.
- d) Recepción dos documentos, e indicarán a data do día en que se produzan.

29. Segundo o artigo 41.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, as Administracións poderán practicar as notificacións por medios non electrónicos (sinala a correcta):

- a) Cando a notificación se realice con ocasión da comparecencia espontánea do interesado ou o seu representante nas oficinas de asistencia en materia de rexistro e solicite a comunicación ou notificación persoal nese momento.**
- b) Cando a notificación se realice con ocasión da comparecencia espontánea unicamente do interesado nas oficinas de asistencia en materia de rexistro e solicite a comunicación ou notificación persoal nese momento.
- c) Cando a notificación se realice con ocasión da comparecencia espontánea do interesado ou o seu representante en calquera dependencia da Administración e solicite a comunicación ou notificación persoal nese momento.
- d) Cando a notificación se realice con ocasión da comparecencia espontánea unicamente do interesado en calquera dependencia da Administración e solicite a comunicación ou notificación persoal nese momento.

30. Respecto á práctica das notificacións a través de medios electrónicos disposta no artigo 43.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo común das Administracións Públicas, os interesados poderán acceder ás notificacións desde:

- a) O Punto de Acceso Xeral electrónico da Administración, que funcionará como un portal de acceso.**
- b) A páxina inicial da Web da Administración electrónica, que funcionará como un portal de acceso.
- c) A oficina da Administración virtual, que funcionará como un portal de acceso.
- d) O Portal de Aplicacións Informáticas, que funcionará como un portal de acceso



Preguntas de Reserva

1. As parroquias que forman a cidade de Vigo son:

a) **Alcabre, Beade, Bembrive, Cabral, Candean, Castrelos, Comesaña, Coruxo, Labadores, Matamá, Navia, Oia, Saians, Sardoma, Teis, Valadares, Zamáns.**

b) Alcabre, Beade, Bembrive, Cabral, Candean, Castrelos, Comesaña, Coruxo, Lavadores, Matamá, Navia, Oia, Saians, Sardoma, Teis, Valadares, Zamáns, Bouzas e San Paio.

c) Alcabre, Beade, Bembrive, Cabral, Candean, Castrelos, Comesaña, Coruxo, Lavadores, Matamá, Navia, Oia, Saians, Sardoma, Teis, Valadares, Zamáns, Bouzas, San Paio, e Coia.

d) Alcabre, Beade, Bembrive, Cabral, Candean, Castrelos, Comesaña, Coruxo, Lavadores, Matamá, Navia, Oia, Saians, Sardoma, Teis, Valadares, Zamáns, Bouzas, San Paio, Coia, Freixeiro, e San Xoan do Monte.

2. Segundo a Lei 7/1985 do 2 de abril reguladora de bases do Réxime Local, as Ordenanzas Locais entrarán en vigor:

a) Unha vez que se levou a cabo a publicación dos acordos definitivos de aprobación das mesmas, incluíndo os provisionais elevados automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro das ordenanzas ou das súas modificacións, no Boletín Oficial da provincia ou, no seu caso, da Comunidade Autónoma uniprovincial.

b) **As ordenanzas, incluídos o articulado das normas dos plans urbanísticos, así como os acordos correspondentes a estes cuxa aprobación definitiva sexa competencia dos entes locais, publicaranse no "Boletín Oficial" da provincia e non entrarán en vigor ata que se teña publicado completamente o seu texto e transcorrese o prazo de 15 días hábiles.**

c) Unha vez que se levou a cabo a súa aprobación definitiva ou se elevou automaticamente a tal categoría o acordo ata entón provisional por non ser recorrido polos interesados lexítimos.

d) Todas son correctas

3.- Os empregados públicos na súa relación co cidadán deben actuar en todo momento seguindo o principio constitucional de

a) Economía

b) Convivencia

c) **Eficacia**

d) Corrección con el público.

4. Segundo o artigo 113.1 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia nos casos de nacemento de fillos prematuros ou que por calquera outra causa deban permanecer hospitalizados a continuación do parto, o persoal funcionario ten dereito a ausentarse do posto de traballo:

a) Durante un máximo dunha hora diaria mentres dure o período de hospitalización, percibindo as retribucións íntegras.

b) **Durante un máximo de dúas horas diarias mentres dure o período de hospitalización, percibindo as retribucións íntegras.**

c) Durante un máximo dunha hora diaria mentres dure o período de hospitalización, percibindo as retribucións íntegras e, no seu caso, as prestacións familiares por fillo a cargo.

d) Durante un máximo de dúas horas diarias mentres dure o período de hospitalización, con dedución proporcional de haberes.

